

zación, a materia seca da cal constitúe polo menos o 98 por cento en peso e que responde, ademais, ós requisitos establecidos no punto 2.9.a) e c).

2.11 Fructosa: a D-fructosa purificada e cristalizada, que responde ás seguintes características:

- a) Contido de fructosa, 98 por cento como mínimo.
- b) Contido de glicosa, 0,5 por cento como máximo.
- c) Perda no secado, non máis do 0,5 por cento en peso.
- d) Cinzas conductimétricas, non máis do 0,1 por cento en peso determinado conforme o punto 3.b).

3. *Método de determinación do tipo de cor, o contido de cinzas conductimétricas e a coloración da solución do azucre (branco) e o azucre branco refinado (extrabranco) definidos nos puntos 2.2, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6 e 2.11*

Un «punto» corresponde:

a) No que se refire ó tipo de cor, a 0,5 unidades, determinadas segundo o método do Instituto de Tecnoloxía Agrícola e Industria Azucreira de Brunswick, ó que se refire o punto 2 do capítulo A do anexo do Regulamento (CEE) n.º 1265/69 da Comisión, do 1 de xullo de 1969, relativo ós métodos de determinación de calidade aplicables ó azucre comprado polos organismos de intervención.

b) No que se refire ó contido en cinzas, ó 0,0018 por cento determinado segundo o método da International Commission for Uniform Methods of Sugar Analyses (ICUMSA), ó que se refire o punto 1 do capítulo A do anexo do Regulamento (CEE) n.º 1265/69.

c) No que se refire á coloración da solución, a 7,5 unidades determinadas segundo o método de ICUMSA a que se refire o punto 3 do capítulo A do anexo do Regulamento (CEE) n.º 1265/69.

#### 4. *Etiquetaxe*

A Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, será aplicable ós produtos definidos no punto 2, conforme as condicións e excepcións que figuran a seguir:

4.1 Sen prexuízo do disposto no punto 4.5, as denominacións de venda previstas no punto 2 reservaranse ós produtos que nel figuran e deberanse utilizar no comercio para desinalos.

A denominación de venda prevista no punto 2.2 poderase utilizar tamén para designa-lo produto previsto no punto 2.3.

Non obstante:

a) Os produtos definidos no punto 2 poderán levar xunto coa denominación de venda obrigatoria outros cualificativos habituais en función da súa presentación,

b) Estas denominacións de venda poderán ser utilizadas tamén en denominacións de venda compostas para designar estes produtos de acordo cos usos.

Sempre e cando tales denominacións non poidan inducir a erro o consumidor.

4.2 Para os produtos envasados de peso inferior a 20 g, non é necesario indica-lo peso neto na etiquetaxe.

4.3 A etiquetaxe deberá indica-lo contido de materia seca e de azucre invertido cando se trate de azucre líquido, azucre líquido invertido ou xarope de azucre invertido.

4.4 A etiquetaxe deberá indica-lo cualificativo «cristalizado» no caso do xarope de azucre invertido que conteña cristais na solución.

4.5 Cando os produtos definidos nos puntos 2.7 e 2.8 conteñan fructosa nunha porcentaxe superior ó 5 por cento en peso de materia seca, deberán ser etique-

tados, no que respecta á súa denominación de venda e cando sexan ingredientes, como «xarope de glicosa e fructosa» ou «xarope fructosa e glicosa» e «xarope de glicosa e fructosa deshidratado» ou «xarope de fructosa e glicosa deshidratado», respectivamente, para destacar se a proporción de glicosa é superior á de fructosa, ou viceversa.

**15482** *REAL DECRETO 1053/2003, do 1 de agosto, polo que se aproban normas de desenvolvemento do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».* («BOE» 184, do 2-8-2003.)

A situación xerada polo accidente do buque «Prestige» en determinadas zonas do noroeste español e do litoral cantábrico deu lugar á adopción polo Goberno dunha serie de medidas tendentes a articular mecanismos urxentes de reparación de danos ós afectados. Entre tales medidas, aprobouse o Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».

Co fin de facilitar unha rápida reparación dos danos e de lles evitar ós afectados longos procesos de recoñecemento de indemnizacións, o Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, establece un sistema de aboamento de indemnizacións que permite, respecto dos prexudicados que voluntariamente o acepten, a subscripción dun acordo transaccional mediante o cal a Administración xeral do Estado asume o pagamento das indemnizacións que lles correspondan ós afectados polo accidente e estes, pola súa banda, recoñécense indemnizados dos danos sufridos, desisten das accións en curso e renuncian a calquera proceso xudicial ou extraxudicial, nacional ou estranxeiro, que teña a súa orixe en tales danos. De igual modo, o Real decreto lei recolle a posibilidade de que a Administración xeral do Estado poida subscribir convenios de colaboración coas comunidades autónomas ou coas corporacións locais que resultasen afectadas polo accidente. En ningún caso, este réxime de anticipo de indemnizacións supón o recoñecemento de responsabilidade ningunha por parte do Estado.

Para articular este réxime excepcional de aboamento de indemnizacións, o Real decreto lei 4/2003 habilitou o Instituto de Crédito Oficial (ICO) para efectuar los pagamentos resultantes dos acordos transaccionais e dos convenios de colaboración, dentro dun límite máximo de 160 millóns de euros.

A disposición derradeira primeira do Real decreto lei 4/2003 habilita o Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a execución do dito real decreto lei.

Neste sentido, este real decreto prevé un sistema excepcional, alleo a calquera vía procedemental administrativa ordinaria, orientado a determina-las cantidades coas cales o Ministerio de Facenda podería chegar a asinar acordos transaccionais cos prexudicados polo sinistro do buque «Prestige» que voluntariamente o acepten. A non aceptación da oferta de acordo transaccional formulada polo Ministerio de Facenda non introducirá ningunha modificación na situación xurídica preexistente do damnificado.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e do ministro de Facenda,

de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

## DISPÓN O:

### Artigo 1. *Ámbito subxectivo.*

Para os efectos deste real decreto, terán a consideración de afectados as persoas físicas ou xurídicas que sufrisen danos en España por contaminación derivados do accidente do buque «Prestige» indemnizables, de conformidade co establecido no Convenio internacional sobre a constitución dun Fondo internacional de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDAC) e no Convenio internacional sobre responsabilidade civil de danos debidos á contaminación por hidrocarburos.

### Artigo 2. *Solicitud previa de subscripción de acordos transaccionais.*

1. Para poder cobra-las indemnizacións a que se refire este real decreto, os afectados deberán dirixir unha solicitude ó Ministerio de Facenda conforme o modelo normalizado contido no anexo antes do 31 de decembro de 2003, ben individualmente ou ben mediante asociacións ou agrupacións de afectados ou por corporacións de dereito público, en representación daqueles damnificados que así o acepten.

2. Á dita solicitude xuntaráse a seguinte documentación:

a) Identificación do solicitante: realizarase mediante copia autenticada do NIF ou CIF, e, en caso de representación, deberá xuntarse escritura notarial de poder verificada na súa suficiencia pola avogacía do Estado da provincia onde teña o seu domicilio o interesado.

b) Conta bancaria: xuntarase certificación da entidade de crédito que acredite o código de conta corrente do afectado na que, se é o caso, deberá efectuarse o ingreso.

c) Cantidades percibidas: xuntarase certificación da Administración ou organismo correspondente acreditativa das cantidades xa percibidas ata a data de presentación da solicitude polos mesmos danos, por parte do FIDAC, ou por parte de calquera outra entidade ou Administración que concedese axudas ós damnificados, así como do concepto polo que se recibiron.

d) Condición de afectado: os solicitantes acreditarán a súa condición de afectados de acordo co disposto no artigo anterior.

e) Cuantificación do dano: os solicitantes deberán presenta-la documentación acreditativa da contía dos danos producidos que sexan indemnizables, efectivamente sufridos por consecuencia do sinistro, e que sexan economicamente cuantificables, xustificados e causados pola contaminación.

f) Relación de causalidade: na reclamación deberán especifica-los solicitantes a relación de causalidade entre os danos comprendidos na reclamación e a contaminación ocasionada pola vertedura.

3. O Ministerio de Facenda poderá requirir-los solicitantes, en calquera momento, para que acheguen a documentación adicional que se considere necesaria para a determinación da condición de afectado, así como para a determinación dos danos.

### Artigo 3. *Actuacións para a valoración de danos susceptibles de estimación obxectiva.*

1. Os criterios orientativos de estimación obxectiva serán de aplicación exclusivamente á estimación do lucro cesante ocasionado a aqueles que, de acordo coa información remitida polas administracións públicas competentes, percibisen axudas conforme o establecido no artigo 7 do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, e do artigo 7 do Real decreto lei 8/2002, do 13 de decembro.

2. O Ministerio de Facenda, logo de informe da Oficina do Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige» e do Consorcio de Compensación de Seguros, establecerá os criterios orientativos de estimación obxectiva conforme os cales se realizará a valoración dos danos a que se refire este artigo.

### Artigo 4. *Actuacións para a valoración de danos susceptibles de estimación directa.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, para efectua-la valoración de danos en réxime de estimación directa, poderase subscribi-lo protocolo a que se refire o parágrafo cuarto do artigo 1 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».

2. En caso de non se subscribi-lo protocolo a que se refire o punto anterior, o Consorcio de Compensación de Seguros coordinará os labores de avaliación dos danos que sufrisen as persoas físicas ou xurídicas distintas das administracións públicas ás que se refire a disposición adicional primeira do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, e que resulten indemnizables de conformidade co establecido neste.

Os ditos labores de avaliación de danos circunscribiranse á estimación do valor real do dano causado polo accidente do buque «Prestige» ós que solicitasen as indemnizacións previstas no Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño.

Para tal fin, o Ministerio de Facenda remitiralle ó Consorcio de Compensación de Seguros a documentación recibida coa solicitude referente á valoración.

O Consorcio de Compensación de Seguros encomendará-las tarefas de valoración dos danos ós peritos taxadores de seguros que prestan habitualmente os seus servicios profesionais á dita entidade pública, e a aqueles outros gabinetes, empresas ou organismos especializados que sexa necesario, en atención á natureza dos danos que tivesen que ser valorados, ós que lles aboará os honorarios que correspondan conforme o establecido nas súas disposicións internas para este tipo de servicios profesionais, coas adaptacións que, se é o caso, fosen necesarias.

Para proceder á valoración dos danos, os peritos taxadores poderanlles pedir ós solicitantes e solicitar das administracións públicas competentes ou doutros organismos, a través do Consorcio de Compensación de Seguros, toda a información que precisen.

Unha vez calculada a contía dos danos, o Consorcio de Compensación de Seguros remitiralle ó Ministerio de Facenda os resultados obtidos, xunto cos informes dos profesionais que sustenten os ditos resultados.

3. Na determinación dos importes que propoña nos acordos transaccionais o Ministerio de Facenda, restarase as cantidades xa percibidas como consecuencia do sinistro do buque «Prestige» polos mesmos danos, por parte do FIDAC, ou por parte de calquera outra entidade ou Administración que lles concedese axudas ós damnificados.

#### Artigo 5. *Subscrición de acordos transaccionais.*

1. Valorados os danos, o ministro de Facenda, por medio da autoridade en quen delegue, comunicaralles ós solicitantes a proposta de acordo ou convenio transaccional, incluída a valoración efectuada, segundo o disposto no artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, no modelo normalizado aprobado por orde do Ministerio de Facenda, segundo dispón a disposición derradeira primeira do citado real decreto lei.

2. Os solicitantes que o acepten deberán presta-la súa conformidade subscribindo coa súa sinatura o acordo proposto, o cal deberá ser presentado, dirixido ó Ministro de Facenda, dentro do prazo de 30 días contados desde a recepción polo interesado da proposta de acordo. Transcorrido este prazo sen a presentación da proposta de acordo asinada, terase o solicitante por desistido da súa solicitude inicial de acordo transaccional.

3. A falta de aceptación expresa ou tácita non producirá outro efecto para o solicitante que o mantemento da situación xurídica preexistente.

4. As condicións de pagamento deberán concretarse de forma expresa no acordo ou convenio que se subscriba, de conformidade co establecido no artigo 2 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño.

#### Artigo 6. *Pagamento polo ICO.*

1. Unha vez subscrito o acordo transaccional, o Ministerio de Facenda instruirá debidamente o ICO indicando a identidade do beneficiario e a contía pactada. O ICO procederá a efectua-lo pagamento mediante transferencia á conta designada polo interesado.

2. No caso de que se trate de afectados que formalizasen un préstamo co ICO, este deberá ter en conta o disposto nos artigos 3 e 6.d) do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño.

#### Artigo 7. *Convenios de colaboración.*

1. De conformidade co establecido no Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, a Administración xeral do Estado poderá celebrar convenios de colaboración, ós que se refire a disposición adicional primeira do citado real decreto lei, coas comunidades autónomas e coas

corporacións locais afectadas, co obxecto de resarcir tales administracións públicas dos danos que lles ocasionase o accidente do buque «Prestige».

2. Os instrumentos de formalización dos convenios a que se refire este artigo subscribíraos, en nome da Administración xeral do Estado, o ministro de Facenda ou a autoridade en quen delegue, e deberán especifica-los órganos que celebran o convenio e a capacidade xurídica coa que actúa cada unha das partes, a competencia que exerce cada Administración, a relación de danos sufridos e a súa valoración.

3. En todo caso, na determinación das cantidades para resarcir por razón dos convenios de colaboración, teranse en conta as axudas procedentes de fondos comunitarios, de forma que a suma de ambas non poderá supera-lo importe do dano que se trate de resarcir.

Disposición adicional única. *Oficina do Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige».*

A Oficina do Comisionado do Goberno para as actuacións derivadas da catástrofe do buque «Prestige», creada polo Real decreto 1/2003, do 3 de xaneiro, colaborará cos órganos ou organismos citados neste real decreto (Ministerio de Facenda, Consorcio de Compensación de Seguros e Instituto de Crédito Oficial).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Facenda para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO



Ministerio de Facenda

SOLICITUDE PREVIA DE SUBSCRICIÓN DE ACORDO  
TRANSACCIONAL PARA OS AFECTADOS POR DANOS  
OCASIONADOS POLO SINISTRO DO BUQUE "PRESTIGE"

Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño.

## 1. DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos / Razón social				NIF/CIF	
Domicilio			Localidade		
Provincia	Código postal	Teléfono	Fax	Correo electrónico	

## 2. DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e apelidos				NIF/CIF	
Domicilio			Localidade		
Provincia	Código postal	Teléfono	Fax	Correo electrónico	

--

3. DESCRICIÓN DOS DANOS E PERDAS (achegaranse os documentos e informes que acrediten os danos)

--

SOLICITUDE PREVIA DE SUBSCRICIÓN DE ACORDO  
TRANSACCIONAL PARA OS AFECTADOS POR DANOS  
OCASIONADOS POLO SINISTRO DO BUQUE "PRESTIGE"



Ministerio  
de  
Facenda

Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño

4. AVALIACIÓN ECONÓMICA DOS DANOS (achegaranse os documentos e informes que xustifiquen a avaliación dos danos)

En ..... o ..... de ..... de 2003

SINATURA DO SOLICITANTE

EXCMO. SR. MINISTRO DE FACENDA

(SUBSECRETARÍA. ACORDOS TRANSACCIONAIS SINISTRO BUQUE "PRESTIGE").

ALCALÁ, 9-11. 28071 - MADRID